

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E GALICIA TURISTIC SL PARA A ORGANIZACIÓN DUN EVENTO PARA A PROMOCION E RECOÑECEMENTO DA INNOVACION TURISTICA: XORNADAS DE PROMOCIÓN DE EMPRENDEMENTO

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con Galicia Turistic S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e GALICIA TURISTIC SL para a organización das actividades de promoción correspondentes ás *xornadas de promoción do emprendemento*.

Incluirá as seguintes actuacións:

- Produción do evento incluíndo materiais audiovisuais, escenografía, espectáculos, catering do evento, presentación das distincións e en xeral.
- Comunicación do evento, tanto no seu deseño, como na execución de converter o acto nun evento do sector.
- Promoción do emprendemento turístico mediante a entrega de distincións a startups destacadas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:



**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** GALICIA TURISTIC SL é unha sociedade limitada formada por o Clúster Tic Galicia e dous socios da mesma. que, segundo o disposto nos seus Estatutos, ten como misión Fomentar a creación de produtos e empresas turísticas baseadas no turismo e na tecnoloxía. Fomentar a creación de emprego de calidade e a retención do talento en Galicia. Fomentar o uso de tecnoloxías como: Big Data, Intelixencia artificial, IOT (Internet of Things), Sensorización, Realidade aumentada ou virtual. Dotar ó sector de contidos innovadores. Difundir produtos de alta tecnoloxía a disposición de empresas e administracións (sensorización Ambiental, sistemas de conteo e xestión de fluxos de persoas e vehículos, etc..).

Dita sociedade foi creada para xestionar un dos 5 Centros de Fabricación Avanzados concedidos a través das axudas do Igape creadas para tal fin, e que tal e como se recollen nos seus estatutos ten como finalidade reinvestir os beneficios no propio Centro de Fabricación Avanzada tralo compromiso firmado por todos os socios da mesma.

**Terceiro.-** A Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido. De tal xeito, co obxectivo de potenciar o alto impacto económico do turismo en Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia quere impulsar a creación da primeira aceleradora de Turismo en Galicia co fin de impulsar a emprendedores con ideas de negocio enfocado no turismo cara ao éxito das súas empresas, poñer en contacto a emprendedores con redes de mentores, persoas expertas e empresas tractoras para o desenvolvemento dos negocios, facilitar recursos, servizos e axudas económicas a emprendedores para a creación das empresas e establecer contactos entre as empresas con fontes de investimento públicas e privadas.



**Cuarto.-** GALICIA TURISTIC SL ten como socio fundador a Asociación Clúster TIC Galicia e colabora no obxectivo de desenvolver estratexias para facilitar o crecemento do sector TIC en Galicia mediante a potenciación das capacidades do sector, co dobre obxectivo de elevar o nivel competitivo dos produtos e servizos TIC galegos nos mercados estatais e internacionais.

**Quinto.-** Que coa consolidación de proxectos especializados no sector turístico e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables que atraian e reteñan talento, contribúese a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional. Coas xornadas de promoción ao emprendemento no sector turístico preténdese impulsar a vocación emprendedora e innovadora das startups galegas que se orientan o sector turístico.

A finalidade destes premios terá que supor unha actividade de promoción que permita recoñecer iniciativas, actuacións, proxectos ou traxectorias profesionais que teñen demostrado a súa efectividade para a posta en valor do sector turístico e a súa aportación non só en termos económicos, senón tamén como mecanismo de fomento do intercambio cultural e promoción do noso territorio.

**Sexto.-** A colaboración público privada na consecución destes fins comúns xustifica a sinatura do presente convenio

Polo exposto as partes teñen interese en xuntar esforzos e por en común as súas sinerxías e experiencia en prol da potenciación de programas de emprendemento e innovación que, tendo en conta as súas experiencias en outras iniciativas de fomento e apoio ao emprendemento, deberán constituír un inestimable incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia, motivo polo que a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas accións obxecto do presente convenio con GALICIA TURISTIC SL, empresa sen ánimo de lucro e único Centro de Fabricación Avanzada de Galicia orientado a Turismo e Tecnoloxía, e polo tanto a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto de xeito completo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento



xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

